

PLAN DE ACOLLIDA

Curso 2020-2021

| | |
|----|------------------------|
| 1. | Datos do centro |
|----|------------------------|

| Código | Denominación |
|---------------|------------------------|
| 36019441 | CEIP DE PETELOS |

| Enderezo | | C.P. |
|---|--|------------------|
| Camiño das Pozas 21- Estivada- Petelos | | 36416 |
| Localidade | Concello | Provincia |
| Mos | Mos | Pontevedra |
| Teléfono | Correo electrónico | |
| 886110360 | ceip.petelos@edu.xunta.gal | |
| Páxina web | | |
| http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepelos/ | | |

Este documento está elaborado en base ás **Instrucións do 30 de xullo 2020**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, nas que se indica que, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectivo presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo elaborará un **Programa de acollida** que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolverá nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

- a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

O equipo directivo procedeu á súa elaboración e preséntao á comunidade educativa na data abaixo indicada para que se realicen as achegas previamente á celebración do Consello Escolar no que se tratará a súa aprobación.

Data de presentación ao Consello Escolar: 8 Setembro 2020

A. Novas normas de organización e funcionamento do centro

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do colexio.

Para realizar unha correcta explicación sobre estas modificacións e o desenvolvemento do plan de actuación, realizaranse , a poder ser, antes do comezo das clases, reunións por nivel coas familias.

Estas reunións terán lugar no salón de actos ou no ximnasio do colexio baixo as seguintes normas de seguridade:

- Un único asistente por alumno/a.
- Separación entre cadeiras dun mínimo de 1,5m
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.
- Entre reunións haberá entre 30'- 45 'de separación, tempo no que se ventilará o espazo e realizaranse labores de limpeza nas cadeiras empregadas e no resto do recinto.

As datas e horas para cada nivel educativo quedan reflectidas na seguinte táboa:

| Nivel | Data | Hora |
|----------------|-------------|-------------|
| 3 anos | 9 Set. | 16:00 |
| 4 anos | 9 Set. | 17:30 |
| 5 anos | 10 Set. | 10:00 |
| 1º de primaria | 9 Set. | 10:00 |
| 2º de primaria | 9 Set. | 11:15 |
| 3º de primaria | 8 Set. | 11:00 |
| 4º de primaria | 8 Set. | 10:00 |

| | | |
|----------------|---------|-------|
| 5° de primaria | 15 Set. | 16:00 |
| 6° de primaria | 8 Set. | 16:30 |

ENTRADAS E SAÍDAS:

Entradas. Acceso ao centro: Accederase ao recinto polo portal da entrada principal e o portal que da acceso ó patio de infantil (co fin de evitar aglomeracións na entrada). Cada alumno irá cara á porta de entrada ó centro que lle corresponde, colocarse na súa fila sen pararse con ninguén, sen xogar e respectando as distancias de seguridade.

Recoméndase o acceso o centro dun único acompañante por alumno ou alumna.

A distribución das portas de entrada e saída do centro son as que seguen:

- PORTA INFANTIL: Infantil 3 e 4
- PORTA ESQUERDA: Terceiro, Cuarto B, Quinto e Sexto.
- PORTA DEREITA: 5 anos, Primeiro, Segundo e Cuarto A.

Saídas: Os alumnos transportados sairán polo portal do patio de infantil para acceder ós autobuses e o resto do alumnado sairá pola porta principal do centro, evitando as aglomeracións de pais/nais e alumnado tanto no patio do centro, como na entrada principal.

Como o alumnado ten que adquirir novos hábitos que implican tanto o cambio da porta de acceso ao colexio como de ruta que debe seguir para chegar á súa aula, o que sumado ao alumnado que cambia de ciclo, mestre/a e aula, fai necesario organizar dun xeito especial **os dous primeiros días lectivos**. Para evitar aglomeracións e confusións propias desa primeira xornada, flexibilizaremos **os horarios** organizando as seguintes quendas:

XOVES 10 DE SETEMBRO:

| Cursos | Zona de recepción | Hora de entrada | Hora de saída |
|-----------------------------|-------------------|--|--|
| Educación infantil (3 anos) | PORTA INFANTIL | SEGUNDO O ESTABLECIDO NO PERÍODO DE ADAPTACIÓN | SEGUNDO O ESTABLECIDO NO PERÍODO DE ADAPTACIÓN |
| Educación infantil (4 anos) | PORTA INFANTIL | 9:15 | 14:10 |
| 1º de primaria | PORTA DEREITA | 9:15 | 14:15 |
| 2º de primaria | PORTA DEREITA | 9:20 | 14:10 |
| 3º primaria | PORTA ESQUERDA | 9:15 | 14:10 |

VENRES 11 DE SETEMBRO:

| Cursos | Zona de recepción | Hora de entrada | Hora de saída |
|-----------------------------|-------------------|--|--|
| Educación infantil (3 anos) | PORTA INFANTIL | SEGUNDO O ESTABLECIDO NO PERÍODO DE ADAPTACIÓN | SEGUNDO O ESTABLECIDO NO PERÍODO DE ADAPTACIÓN |
| Educación infantil (4 anos) | PORTA INFANTIL | 9:15 | 14:10 |
| Educación Infantil (5 anos) | PORTA DEREITA | 9:15 | 14:10 |
| 1º de primaria | PORTA DEREITA | 9:20 | 14:15 |
| 2º de primaria | PORTA DEREITA | 9:25 | 14:15 |

| | | | |
|-----------------|-------------------|------|-------|
| 4ºA de primaria | PORTA DEREITA | 9:30 | 14:15 |
| 3º primaria | PORTA ESQUERDA | 9:15 | 14:15 |
| 4ºB de primaria | PORTA ESQUERDA | 9:20 | 14:15 |
| 5º de primaria | PORTA ESQUERDA | 9:25 | 14:10 |
| 6º de primaria | PORTA ESQUERDA | 9:30 | 14.15 |

Neste primeiro día de clase, o alumnado estará co seu titor/a durante as dúas primeiras sesións, que será o encargado/a de informar das novas normas de organización e funcionamento, en coordinación co profesorado especialista, que, de ser necesario, pasará polas aulas para informar das peculiaridades que afecten á súa área. Os horarios de recreo respectaranse, deixando a posibilidade de que o alumnado de educación infantil faga un segundo recreo.

B. Actuacións para a prevención, hixiene e protección

Prevención:

Os obxectivos en materia de prevención serán os seguintes :

- Evitar aglomeracións:

- Disseminar as entradas e saídas do alumnado.
- Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
- Dividir o patio para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo.
- Regular o acceso aos aseos

- Distancia social:

- Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
- Evitar situacións de contacto físico.

- Responsabilidade individual:

- O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid.
- As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid; para elo deberán facer un test diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

Hixiene:

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

- Hixiene xeral do centro:

- Reforzar o servizo de limpeza aumentando a frecuencia .
- Realizar desinfeccións dos aseos dúas veces pola mañá.
- Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola tarde.
- Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
- Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.

- Hixiene persoal:

- Facer varias limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas, xabón líquido e panos desbotables nos baños.
- Adquirir hábitos como tusir ou esberrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
- Aprender a manipular correctamente as máscaras.

- Rutinas de responsabilidade individual:

- Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e

desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel. Pode parecer unha medida de “descarga de responsabilidade” ou “abandono de funcións”, pero é todo o contrario, supón un exercicio de educación cívica e respecto.

- Exemplo: antes de usar un ordenador, debo, como usuario, coller un pano con xel e desinfectar o teclado e rato, acción que debo repetir cando finalice o seu uso.
- Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exime da limpeza que poida facer o persoal de limpeza.
- Exemplo: a mesa, como espazo de traballo propio, pode ser receptora de gotículas e o feito de pasar un pano con xel axuda a manter limpa e desinfectada esa zona de contacto case permanente. Como se indica no parágrafo anterior, isto non elimina a limpeza que poida realizar o persoal de limpeza.
- Facilitar o labor do persoal de limpeza: as nosas accións repercuten no traballo doutras persoas. Resultaría inadmisibile que o persoal de limpeza teña que colocar antes de limpar; é traballo do alumnado e do profesorado ter as mesas e armarios ordenados, deixar as cadeiras levantadas e non deixar cousas polo chan. Deste xeito, o persoal de limpeza pode optimizar o seu tempo de traballo e dedicalo aos labores propios.
- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:
 - Xel: en todas as aulas e espazos comúns
 - Xabón: nos aseos e botiquín.
 - Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
 - Solución desinfectante: nas aulas e espazos comúns

Protección:

- Uso de máscara:

- Uso obrigatorio para todo o profesorado.
- Uso obrigatorio para todo o alumnado de primaria.
- Uso obrigatorio para o persoal no docente, de limpeza e mantemento.

- Pantallas:

- O seu uso será voluntario

- Mamparas:

- Instalaranse mamparas nas aulas de PT e AL e Orientación, nas que se empregarán para a realización de tarefas que o requiran.

C. Actuacións para a mellora da competencia dixital

Comezaremos o curso 20/21 cunha serie de accións que faciliten e emprego dos recursos dixitais, independentemente de que se poidan retomar as sesións virtuais ou non. Deste xeito, se fose necesario volver ao ensino a distancia ou semipresencial, o alumnado tería un maior grao de autonomía para continuar coa súa aprendizaxe.

A formación básica que un alumno/a (ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é:

- **Acceso á aula virtual** (Primaria)
- **Acceso aos diferentes cursos** / áreas nos que estea matriculado/a (primaria)
- **Envío de tarefas** a través da aula virtual e do correo electrónico, así como o emprego da plataforma SNAPPET
- Xestión da súa **conta de correo electrónico** e funcionalidades básicas da conta - nube, vídeo, documentos-
- Consulta de cualificacións e comentarios.

Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:

- Aplicación **Abalarmóbil**, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado. Existe a posibilidade de crear salas de mensaxería dende as que podería interactuar co profesorado.
- **Correo electrónico**: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa: ceip.petelos@edu.xunta.es

- **Teléfono:** comunicación directa e inmediata, o 886110360

As accións formativas que se levarán a cabo estarán dirixidas polo profesorado titor coa colaboración dos mestres especialistas e o equipo docente de TICs.

No seguinte cadro / resumo quedan reflectidas as tarefas mínimas que se deberán levar a cabo:

| | | | Temporalización |
|---------------------|---|--|-----------------------------------|
| Educación infantil | Facilitar usuario e contrasinal | Colexio (mediante mensaxería interna) | Primeira semana de clases. |
| | Acceder á aula virtual e curso correspondente | Casa (comprobar as familias que teñen dificultades para acceder) | Mes de setembro |
| | Visualizar contidos na aula virtual | Colexio e casa | Mes de setembro |
| 1o a 4o de primaria | Facilitar usuario e contrasinal | Colexio (axenda) | Primeira semana de clase |
| | Acceder á aula virtual e curso correspondente | Colexio e casa (detectar dificultades) | Primeira semana de clase |
| | Visualizar contidos na aula virtual | Colexio e casa | Primeira /segunda semana do clase |
| 1o a 6o de primaria | Realizar tarefas na aula virtual: un cuestionario, unha caixa de texto, unha actividade interactiva, enviar un arquivo. | Colexio e casa | Primeiro mes de clase |

| | | | |
|---------------------|--|---|------------------------|
| 1o e 6o de primaria | Realizar tarefas mixtas, que requiran unha parte presencial e outra virtual. | Colexio e casa | Primeiro mes de clase |
| 1º a 6º de primaria | Realizar tarefas noutras plataformas dixitais (Snnapet) | Colexio e casa | Primeiro mes de clase. |
| | | | |
| Familias | Curso básico sobre todos os aspectos relacionados coa aula virtual | On line (casa). Posibilidade de resolver dúbidas de xeito presencial con cita previa. | Primeiro mes de clase. |

Durante o primeiro mes de curso pode ser interesante poñer a proba un **modelo de ensino mixto**. O alumnado pode facer tarefas de reforzo e ampliación na súa casa a través do ensino virtual ou ben acceder a información (vídeos, pequenos textos) que despois se empreguen nas sesións presenciais.

Entre as vantaxes está reducir o tránsito de material entre o centro educativo e as casas e, deste xeito, alixerar as mochilas que leva o alumnado.

Isto permitiría tamén afrontar con máis garantías un escenario de semipresencialidade nas aulas e abrir o abano de posibilidades educativas e formativas do alumnado.

D. Aspectos emocionais e sociais. Actividades grupais de acollida e cohesión.

- Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar, por desgracia, tamén ao colexio. Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas.

- Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.
- A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.
- A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera de nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoialo e coidalo, emocionalmente.
- O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.
- Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no colexio. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus, non cabe dúbida de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.
- A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.
- O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.

Dende a Comisión de Coordinación Pedagóxica, o Departamento de Orientación e a o Equipo de convivencia tratarase de facer propostas concretas e de complementar este apartado unha vez que se reúnan no mes de setembro.